

ACORDO DE COLABORACIÓN VOLUNTARIA

Dunha parte D/D^a con
domicilio na rúa/prazaC.P.
Poboación Provincia
Teléfono Móbil con .N.I.F nº.....

E doutra a Asociación Pedagóxica e Cultural *Gamelán*, con domicilio na rúa Coronel Calaza, 22 baixo de A Coruña, CIF nº G15793060 e representada por M^a del Pilar Cabrera Varela en calidade de presidenta

Comprométense a respectar o conxunto de dereitos e deberes que a vixente Lei do Voluntariado de Galicia establece para o voluntariado e as asociacións de acción voluntaria e especificamente as cláusulas que de seguido se detallan.

1. D/D^a _____ pola sinatura do presente compromiso incorpórase como voluntario/a á Asociación Pedagóxica e Cultural *Gamelán* para desenvolver unha laboura de _____ no programa "**Coa Música a outra Parte**", comprometéndose a colaborar dende as ----- **ata as** ----- horas os seguintes días -----, e a:

- a. Gardar a confidencialidade sobre a información recibida na actividade voluntaria.
- b. Actuar en todo momento de forma altruísta, dilixente e solidaria, comprometéndose a rexeitar calquera contraprestación material da Asociación Pedagóxica e Cultural *Gamelán* ou doutras persoas que resulten beneficiarias ou relacionadas coa súa acción.
- c. Aceptar os obxectivos e fins da entidade e ser respetuoso con eles, así como respectar os dereitos e creenzas dos beneficiarios.
- d. Participar nas actividades de formación establecidas pola organización.
- e. Coidar e facer bo uso dos recursos materiais que poñan a súa disposición a entidade.

2. A Asociación Pedagóxica e Cultural *Gamelán* comprométese a :

- a) Facilitar a información, formación, orientación, apoio e medios materiais ó voluntario, necesarios para o desenvolvemento das funcións asignadas, con carácter previo e permanente no desenvolvemento da súa labor voluntaria.
 - b) Acreditar a suscripción dunha póliza de seguro que cubra tanto os danos ocasionados ás persoas voluntarias como a terceiros no exercicio da actividade de voluntariado.
 - c) Reembolsar ó voluntariado, tras solicitude expresa deste, polos gastos que con carácter deducible se realicen no desempeño da súa actividade voluntaria.
 - d) Facilitar ó voluntariado acreditación identificativa.
 - e) Expedir ós voluntarios que o soliciten un certificado que acredite os servicios prestados, así como a data, duración e natureza dos mesmos.
3. Estipúlase que o presente compromiso terá unha validez determinada a partir da data de incorporación do voluntario/a ó Campamento e ata o día en que remate a súa colaboración.
 4. No que non estea regulado este contrato, se regulará polo disposto na vixente Lei do Voluntariado de Galicia.

E para que así conste asinan o presente contrato por duplicado en

_____ a _____ de _____ de 200----

O/A Voluntario/a

A Presidenta

Asdo _____

Asdo.: M^ª del Pilar Cabrera Varela